







# Condicións actuais de algas tóxicas e previsión

Semana actual - 2



Semana actual



\*Datos obtidos de Intecmar (<http://www.intecmar.org>). Cada figura representa ós datos de Dinophysis dende o luns (data da figura) ata o venres (cando se publica o informe de Intecmar)

## Resumen semanal

### 1. Especies tóxicas

- **Dinophysis spp.** A concentración de *Dinophysis acuta* diminúe significativamente na ría de Pontevedra con respecto a semana anterior, detectándose soamente no interior da ría. Na ría de Muros volve a detectarse acuta na súa boca. Non se atopa esta especie no resto das rías.  
A concentración de *Dinophysis acuminata* continúa sendo elevada na ría de Pontevedra e na ría de Muros. Na ría de Vigo deixa de detectarse e na ría de Arousa desaparece do lado sur, aínda que a súa concentración incrementase na parte interna ao norte.
- **Pseudo-nitzschia spp.** sen cambios significativos.

### 2. Toxinas

- ASP: non se atopa
- DSP: peches de polígonos de marisqueo.
- PSP: non se atopa.

## Previsión

As condicións oceanográficas continúan sendo favorables á renovación de auga nas rías e, por tanto, á redución da concentración do fitoplancto tóxico. Co nivel de toxinas DSP actual a previsión é de continuidade dos peches. De tódolos xeitos, hai indicios favorables á apertura de certos polígonos: as condicións de renovación xa levan varias semanas, aumenta a clorofila, o que pode acelerar a detoxificación, e hai bastante influencia da auga doce dos ríos na zona interna das rías. Aínda así, o modelo indica que a parte externa da ría de Vigo está afectada polo transporte de material procedente da ría de Pontevedra, que é na que as concentracións de *Dinophysis spp.* se manteñen elevadas nas últimas semanas.

## Estado actual das condicións oceanográficas: Observacións




Figura 1: Índice de afloramento correspondiente ao mes de novembro. A predición en vermello




Figura 2: Temperatura e salinidade nas rías (B.O. Navaz)

## Interpretación

Continúan os ventos predominantes do norte que son os responsables das correntes cara ao sur que se observan na plataforma e do transporte cara a fóra nas rías. Baixas temperaturas superficiais e alta concentración de clorofila son o resultado do afloramento de augas profundas frías e cheas de nutrientes. Esta situación manterase durante os tres días seguintes, de acordo coa predición (ver páxinas seguintes). Estas condicións favorecen a renovación da auga das rías.






Figura 3: ODYSSEA Sea Surface Figure 4: North Atlantic Chlorophyll Temperature Analysis (MyOcean) (Optimal Interpolation) (MyOcean)

1. Modelos: temperatura e correntes superficiais. Circulación na plataforma


2013/11/18 (0d)










2013/11/19 (1d)



2013/11/20 (2d)



2013/11/21 (3d)



**Interpretación** O modelo reflexa claramente que durante o 18 de novembro e días seguintes continuará a situación de correntes cara o sur na plataforma. As seccións en Viana e Porto ilustran moi ben esta circulación cara ao sur.


3. Modelos: circulación ría de Vigo

2013/11/18 (0d)

2013/11/19 (1d)

2013/11/20 (2d)

2013/11/21 (3d)




4. Modelos: circulación ría de Pontevedra

2013/11/18 (0d)

2013/11/19 (1d)

2013/11/20 (2d)

2013/11/21 (3d)





**Interpretación.** Todas as rías amosan o mesmo patrón de circulación consistente nunha corrente de saída en superficie que vai perdendo intensidade co traspaso dos días e unha corrente de entrada polo fondo. A maioría das partículas que inicialmente se encontraban no interior da ría son transportadas cara a plataforma nesta situación, e unha vez na plataforma son transportadas cara ao sur. Nótese que parte das partículas que saen da ría de Pontevedra alcanzan a parte exterior da ría de Vigo.





5. Modelos: circulación ría de Arousa



2013/11/18 (0d)





2013/11/19 (1d)



2013/11/20 (2d)





2013/11/21 (3d)





6. Modelos: circulación ría de Muros



2013/11/18 (0d)





2013/11/19 (1d)



2013/11/20 (2d)



2013/11/21 (3d)



Interpretación. Ver página anterior.